



SERVIZO DE ARQUITECTURA E URBANISMO

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5694
Fax: 981 167 090.

PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DUN EDIFICIO NA ÁREA CIENTÍFICA DO PARQUE TECNOLÓXICO DA UDC E DOS ESTUDOS PREVIOS DO CONXUNTO DA ÁREA.

ÍNDICE

1. OBXECTO
2. EMPRAZAMENTO
3. PARÁMETROS URBANÍSTICOS E CONDICIÓNNS DA EDIFICACIÓN
4. CONDICIÓNNS XERAIS PRIMORDIAIS A CONSIDERAR NA CONCEPCIÓN DA ÁREA CIENTÍFICA
5. PROGRAMA FUNCIONAL E SUPERFICIES PARA O CONXUNTO DA ÁREA CIENTÍFICA
6. PROGRAMA FUNCIONAL DO EDIFICIO QUE SE CONSTRUIRÁ EN PRIMEIRA FASE
7. CONDICIÓNNS AMBIENTAIS E DE SOSTIBILIDADE A CONSIDERAR NA RESOLUCIÓN DO EDIFICIO DA ÁREA CIENTÍFICA
8. ORZAMENTO DAS OBRAS
9. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE PRESENTARÁN OS LICITADORIES
10. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA ACHEGADA

1

OBXECTO

É obxecto deste prego describir as condicións técnicas que deberán reunir as ofertas presentadas ao concurso de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución dun edificio na Área Científica do Parque Tecnolóxico da UDC que se destinará a servir de apoio á investigación e a docencia da facultade de Informática e da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, así como dos estudos previos para o deseño do conxunto da área.

1. EMPRAZAMENTO

A area de movemento da edificación para a Área Científica do Parque Tecnolóxico da UDC é a sinalada no plano en formato .dwg que se achega xunto a este prego.

A area de movemento da edificación encádrase nun ámbito sito ao sur dos edificios cuxas funcións docentes e de investigación se pretenden complementar e que se mantén aínda como unha franxa libre entre os terreos destes centros e os da Área Empresarial do Parque Tecnolóxico que se está a construír. Esta franxa continúa cara o oeste, entre o actual edificio de Servizos Centrais de Investigación e a futura Área Residencial Universitaria. A UDC pretende consolidar nesta área o seu polo de I+D+i concentrando os edificios destinados a grupos de investigación (Área Científica) e ás relacións universidade empresa (Área Empresarial).

Na actualidade, o ámbito de traballo está conformado por :

- unha plataforma horizontal que serve de aparcadoiro e que está á cota das facultades (entre +38.00 e +40.00) e

- un forte talud en cuxa parte superior (cotas +54.00 a +58.00) discorre un vial ao que dan fronte os edificios da Área Empresarial do Parque Tecnolóxico e o Edificio Xoana Capdevielle.

O acceso á parcela realízase desde a súa cota inferior, a través do vial que, partindo do acceso principal ao Campus dende Avenida da Universidade, chega ate o Casa do Lagar. Este vial terá continuidade no futuro cun novo tramo que descorrerá paralela á fachada posterior do edificio de Servizos Centrais de Investigación e que enlazará coa estrada de interconexión que une as áreas de Elviña e A Zapateira.

Esta vía de acceso, de carácter secundario na actualidade, será o acceso principal aos centros (Informática, Camiños) ou edificios que se apoien nela. O propósito da UDC é dotar de cualificación urbana este ámbito co obxectivo de convertelo nun espacio público que propicie as relacións entre o colectivo universitario, polo que o aparcadoiro en superficie diminuirá respecto ao existente na actualidade. Pola contra, o novo centro comprenderá un extenso soto que poderá destinarse a aparcadoiro e que terá acceso desde o extremo este do edificio.

2. PARÁMETROS URBANÍSTICOS E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN

Aliñacións máximas:	As marcadas no plano delimitando a Area de movemento da edificación.
Número Máximo de Plantas	B+4
Altura máxima entre plantas	4 metros
Ocupación máxima:	8000 m ²
Superficie edificable sobre rasante:	25000 m ²

3. CONDICIÓNS XERAIS PRIMORDIAIS A CONSIDERAR NA CONCEPCIÓN DA ÁREA CIENTÍFICA

Dada a situación considerada para este novo edificio a UDC entende que hai dous temas primordiais relativos á súa condición urbana que deberán ser tidos en conta polas propostas.

1.- O novo carácter que terá o espazo frontal exterior de acceso ao edificio como **ESPAZO PÚBLICO DE CALIDADE**, e que deberá constituírse en escenario que propicie a relación entre os diferentes centros e facultades que o flanquean (Facultade de Informática, Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, CITEEC, e o novo edificio). Como resultado da importancia deste espazo debe terse en consideración que o edificio se constituirá nunha peza fundamental dun dos principais puntos de acceso ao Campus.

2.- O outro aspecto ten que ver coa súa consideración de **ELEMENTO DE INTERCONEXIÓN**, mediador entre cotas e usos desta zona do Campus de Elviña. Aínda que os usos principais considerados son docente e de investigación, un dos cometidos do edificio debe ser o de resolver os problemas de desnivel que inflúen na comunicación entre a cota superior (cotas +54,00 e +58,00) e inferior (+38, +40) do seu contorno. Trátase dun tránsito relevante, no que se debe considerar que o colectivo universitario usuario da Área Empresarial do Parque Tecnolóxico é tamén usuario dos Centros e Facultades que se sitúan nas cotas inferiores, ao igual que sucederá cos futuros usuarios da Área Residencial Universitaria.

O edificio deberá resolver polo tanto estas cuestións de conectividade e introducir no seu ámbito de reflexión e proposta a relación que esa conectividade pode xerar cos dous centros que se pretende ampliar e mesmo co Campus Center de acordo coas suxestións no Documento da Revisión do Plan Xeral Municipal de Ordenación da Coruña, tal e como se amosa na documentación gráfica achegada.

3.- Dentro do aspecto edificatorio, dado o obxectivo que pretende a nova edificación de resolver os graves déficits de espazos docentes e de investigación

existentes nos centros e facultades adxacentes, as propostas contemplarán o maior grao de flexibilidade programática posible, é dicir: terase en conta que o programa de necesidades dun edificio destas características é facilmente mudable co tempo. Neste sentido, os aspectos relativos a unha fácil (re)distribución das instalacións son dunha importancia clave.

Polo demais, o edificio que se construírá orientase a suplir as carencias da Facultade de Informática e da Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos segundo o programa funcional que se detalla a continuación. Aínda que se trata de titulacións diferenciadas o funcionamento do novo edificio será o máis conxunto posible, de cara a potenciar os usos compartidos e a maior relación posible entre os usuarios. Esta unión reflectirase agrupando as áreas programáticas comúns de ambos centros.

Por último, é preciso indicar que os proxecto global que se propoña debe ter unha condición modular ou permitir unha execución por fases.

4. PROGRAMA FUNCIONAL E SUPERFICIES PARA O CONXUNTO DA ÁREA CIENTÍFICA

ÁREA DOCENTE

O área docente debe de considerarse como un espazo altamente flexible e susceptible de transformación no tempo. A superficie de programa desta área será de entorno a 7800 m².

Considerarase para elo a posibilidade de xerar módulos de aula – laboratorio de 200 m² (entorno a 5 uds) de 120 m² (entorno a 15 uds), de 80 m² (entorno a 50 uds) e de 40 m² (30 uds).

ÁREA DEPARTAMENTAL, DE INVESTIGACIÓN E PAS

O conxunto desta área terá unha superficie de usos de entorno a 4500 m²

16 Áreas de departamentais formadas por un espazo de 100 m², susceptible de ser compartimentado, e unha sala de 40 m². Polo menos 10 de estas áreas contarán tamén cun seminario de 40 m² e un laboratorio de 80 m².

Área de secretaría de departamentos (100 m² divisible en catro áreas)

14 Módulos de oficinas de 40 m²

Área de profesorado (200 m²)

Sala de xuntas (100 asistentes) 160 m²

Sala de bolseiros (12 postos) de 80 m²



ESPAZOS PARA O ALUMNADO	400 m2
--------------------------------	---------------

Considéranse espazos destinados a reunións, zonas de lecer... etc.

ALMACÉNS	500 m2
-----------------	---------------

CAFETARÍA E COMEDORES	500 m2
------------------------------	---------------

SUPERFICIE ÚTIL TOTAL DE PROGRAMA	13.700 m2
--	------------------


Circulacións (18%)	2.540 m2
--------------------	----------

SUPERFICIE DE PROGRAMA SOBRE RASANTE	16.240 m2
---	------------------

SUPERFICIE CONSTRUÍDA SOBRE RASANTE	19.400 m2
--	------------------

SUPERFICIE BAIXO RASANTE	8.600 m2
---------------------------------	-----------------

SUPERFICIE CONSTRUÍDA TOTAL	28.000 m2
------------------------------------	------------------



5. PROGRAMA FUNCIONAL DO EDIFICIO QUE SE CONSTRUIRÁ EN PRIMEIRA FASE

O programa funcional do novo centro dividirase nunha área departamental de entorno a 1500 m² de programa, que comprenderá parte das áreas departamentais sinaladas no apartado anterior. Estas áreas departamentais contarán cos seminarios e laboratorios mencionados.

Destinaranse en torno a 1000 m² a área docente, que comprenderá principalmente os módulos de 40 m² e algún módulo de aula de 80 ou 120 m².

SUPERFICIE DE USOS	2500 m²
---------------------------	---------------------------

SUPERFICIE ÚTIL TOTAL CON CIRCULACIÓNS (S.USOS x 1.18)	2880 m²
---	---------------------------

SUPERFICIE CONSTRÚIDA (S.UTIL TOTAL x 1.18)	3440 m²
--	---------------------------

6. CONDICIÓNS AMBIENTAIS E DE SOSTIBILIDADE A CONSIDERAR NA RESOLUCIÓN DO EDIFICIO DA ÁREA CIENTÍFICA

A concepción deste edificio da área científica da UDC axustarase as criterios de sostibilidade ambiental adoptados pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas e reflectidos no documento "Mejoras Ambientales en los Edificios" aprobado o 7 de outubro de 2005 en Girona.

7. ORZAMENTO

O orzamento total de contrata do proxecto non superará os 3.850.000 €, polo que o orzamento de execución material non sobrepasará os 2.770.884 €.

8. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE PRESENTARÁN OS LICITADORES

Os licitadores presentarán un máximo de dous paneis DIN A0 nos que se explicará graficamente o proxecto (plantas, seccións e imaxes). Incluirán:

Plano de situación no que se reflecta a relación do novo edificio co contorno construído do Campus.

Plano de proposta urbana no que se recolla a conectividade proposta cos centros existentes, co Campus Center e o apeadoiro e cos proxectos da Área Empresarial do Parque Tecnolóxico e a Área Residencial Universitaria 1.

Planos globais do proxecto.

Planos explicativos da primeira fase do proxecto.

Imaxes explicativas (3d ou fotografías de maqueta)

Os paneis comprenderán tamén a memoria do proxecto, que deberá incluír unha memoria descritiva con cadro de superficies, unha memoria construtiva na que se faga referencia ao procedemento de execución por fases e unha memoria económica.

A documentación escrita deste panel, así como unha redución da documentación gráfica achegarase tamén en formato DIN A3. Tamén se proporcionará unha copia en cd coa documentación nos seguintes formatos: dwg, .jpg, .doc e .pdf

9. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA ACHEGADA

Plano cartográfico do estado actual das áreas de Elviña e A Zapateira do Campus.

Plano de ordenación cos obxectivos de edificación nas áreas de Elviña e A Zapateira do Campus da Coruña. Este plano inclúe: Área de movemento da edificación da Área Científica do Parque Tecnolóxico da UDC. Situación prioritaria da primeira fase de execución. Ámbito da futura ampliación da Área Científica. Trazado do elemento de conexión entre as distintas partes do Campus proposto no Documento da Revisión do Plan Xeral Municipal de Ordenación da Coruña.

Plano de trazado da futura estrada que descorre tras o edificio de Servizos Xerais de Investigación.

A Coruña, xaneiro de 2008

O xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo da UC


Roi Salgueiro Barrio

 Conforme
O Xerente
Asdo.: Manuel Galdo Pérez